

ANTONIO TOVAR BOBILLO

Xesús Alonso Montero

Para algúns lectores, entre os que me conto, Antonio Tovar está entre as mellores voces poéticas en galego da segunda metade do século XX. Creo, ademais, que debería figurar nas antoloxías castelás da década dos sesenta, rango a que lle dan dereito non poucos poemas de tres libros: *El tren y las cosas* (1960), *El ladrido* (1961) e *La Lanzada (Versos hacia el mar)* (1954), os tres publicados na cidade de Ourense (o último libro en castelán, *La barca*, editado en Bilbao, é de 1974).

Como poeta en lingua galega é autor destes sete títulos: *Arredores* (Vigo, 1962), *Non* (Ourense, 1967), *O vento no teu colo* (Madrid, 1974), *Calados esconxuros* (Vigo, 1980), *Berros en voz baixa* (Santiago de Compostela, 1990), *A nada destemida* (Vigo, 1991) e *Cadáver adiado* (Sada, 2001). Neste corpus non hai páxina que non sexa auténtica, e o seu conxunto enriquece o discurso poético do seu tempo pola súa orixinalidade e pola súa densidade vital.

Como en Rosalía e en Antero de Quental (e noutros poetas), as traxedias do seu vivir e os dramas da súa conciencia constitúen a materia de moitas das súas páxinas, ás veces as mellores. O drama –o gran drama último– comeza para Antonio Tovar moi novo: cando inicia os estudos relixiosos, en Salamanca, cos xesuítas. Como Curros Enríquez, advertiu, non sen problemas, a hipocrísia e a miseria moral da Igrexa, pero foi máis alá de Curros: cuestionou os deuses, que non tardou en negar. Pero, ata o final dos seus días, polemizou, dramaticamente, cos absurdos deuses herdados e coa súa terrible Igrexa. Dúas obras en prosa son expresión moi elocuente desta dura experiencia: *Diario sin datas* (Edicións do Castro, 1987) e *Diario íntimo dun vello revoltado* (Galaxia, 2001), libro que eu prologuei e que contén, como apéndice, unha carta de Ramón Piñeiro que é un sagaz comentario do primeiro libro de memorias. Non hai, na prosa memorialística galega, libros desta autenticidade e desta valentía. Nos diarios, especialmente no primeiro, hai páxinas nas que Tovar, radical sempre, expresa as razóns da súa íntima controversia coa sociedade cuxa malfeitura o leva a adherirse ao marxismo. Tovar era, en efecto, un radical, un radical dos máis lexítimos: dos que van á raíz das cousas.

Poeta da intimidade radical, o seu intimismo, a cotío, como acontece con outros grandes poetas intimistas, é un intimismo revelador tamén da conflictividade histórica na que ese espírito reflexiona e sofre. Foi, tamén, poeta do vello fogar, da infancia dalgunhas cousas entrañables, do vivir de cada día. Algunhas páxinas hai nas que o noso autor fai inmersións no que, nos seus primeiros tempos, se denominaba poesía social, que nel sempre está feita desde o home que engade sufrimentos –os da inxustiza exterior– ás súas angustias, aos seus fondos desacougos e aos seus radicais escepticismos. Existe un libro. *O vento no teu colo*, subtítulo *Poemas a Tucha* (a súa muller), que non é alleo á poesía erótica, tamén moi orixinal. Entre os poemas dispersos, algúns, de contido político, pertencen ao xénero satírico. En prosa, ademais dos dous libros memorialísticos, antolóxicos, sen dúbida, publicou un excelente –e tovariano– volume de relatos: *A grande ilusión e outros contos* (Galicia, 1989).

Antonio Tovar pertencía á nosa institución, como Académico correspondente, desde o 29 de xaneiro de 1984, e, como Académico de Honra, desde o 15 de marzo de 1997. Requirida a nosa corporación, no ano 2002, para propoñer un representante dos poetas galegos para optar ao Premio Reina Sofía de Poesía Iberoamericana (na súa undécima edición), a Academia, por unanimidade, designou a don Antonio Tovar Bobillo, en quen, meses despois, non recaería o premio.

Nos últimos anos non escribía. Non lle era posible pola extrema precariedade da súa saúde física e pola depresión que lle causou a morte de Antonia Mirayo Pérez, a súa muller, a Tucha de *O vento no teu colo* (1974). Aínda así, un admirador da súa obra, o xornalista Xosé Manuel del Caño, con moita paciencia e con moito agarimo, foille arrincando declaracións e declaracións durante varios meses, de abril do 2002 a febreiro do 2003. Esas entrevistas figuran hoxe no volume *Conversas cun vello revoltado* (Galaxia, 2005). Nesas *Conversas* está Tovar de corpo enteiro

A Antonio Tovar, a este poeta angustiado, a este cidadán tantas veces conmocionado e doído, acáelle, como a ninguén, o vello epitafio clásico: *Sit tibi terra levis*.